



**P**

**Irene Ramón Fernández**

CPR Manuela Rial Mouzo (Cee)

enso no mar e na onda que vai encollendo ata que unha rocha a destrúe. Penso no mar e nesa cor fermosa que amosa no verán. Tamén no bravo que se volve os tormentosos días de inverno. Así é el e así tamén somos as persoas.

Cando tiña 14 anos ingresei no hospital por anorexia. Afastada por primeira vez dos meus pais, unha nai redeira muxiá e un pai mariñeiro camariñán, afogaba entre as sabas brancas de cloroformo. A miña doutora advertíume que o proceso de recuperación sería longo e que todo dependería de como eu fora quen de afrontar esa situación. Lembro que empregou o símil dun barco á deriva. Nada axudaban as miñas frecuentes variacións de autoestima e a miña inseguridade: que estou ben de corpo, que mal; que

si, que non; que non, que non... Agora, na miña cabeza sempre permanecía a miña fe na Virxe da Barca e mais na Virxe do Carme.

Penso no espello e na loita comigo mesma, ata o punto de perder a noción do tempo aquel día en que meu pai tivera que ser rescatado no medio do mar. Que estou ben de corpo, que mal; que si, que non; que non... Estiven máis preocupada por min que por el esa noite de raios e tronos. Só agora sei que a traxedia tamén habitaba en min.


Continuei a loita nunha clínica. Co paso dos días comprendín que un polisón vivía no meu interior e debía



expulsalo. Era un inimigo intelixente, pois sabía cando e o que me tiña que falar. Para conseguir calmar as augas revoltas da miña cabeza precisei pensar no mar unha e outra vez. Na loita heroica, precisei da paciencia redeira da miña nai e da bravura indomable de meu pai. En min Homero, miña nai, meu pai, a miña terra feita de auga.

A base deste tipo de pensamentos no meu cerebro fun quen de metamorfosear as sabas do hospital en corda salvavidas con sólidos nós mariñeiros. Unha vez achiquei todas esas falsas crenzas instaladas na miña cabeza recibín a alta. No abrazo de miña nai e do meu pai sentín toda a forza do mar e mais todas as bucinas dos barcos dos mariñeiros saíndo en procesión pola súa Virxe. Había que celebrar que me rescataron no medio do mar.

## Wolframio no fondo do Atlántico [SEGUNDO PREMIO]



**O**

**Jesús M. Rey**

IES Monte Neme (Carballo)

s cantos das pedras observaron reventar a proa dun barco contra unha rocha que sobresaía do nivel dun rabioso océano Atlántico. Os anacos arrancados voaron uns poucos metros no aire antes de afundirse para perderse no fondo do bravo mar. Os mesmos cantos puideron observar, pouco despois, como un home de mediana idade se acercaba escorregando entre os penedos coa habilidade de quen levaba toda a vida xogando coas ondas.

Alí, preto da costa, o faro do Roncudo contemplou como unha ducia de salvavidas de cor alaranxado caeron algúns metros ata afundirse na auga e volver aparecer aos poucos segundos. Un dos últimos homes saíu mo-

vendo nerviosamente os seus brazos. O percebeiro, temendo que estivese ferido, tentou calmar para entender que lle ocorría. Deuse de conta como sinalaba unhas caixiñas que estaban a flotar no medio da costa máis próxima, procedentes sen dúbida da bodega danada da embarcación. Vendo que este non dubidaría en tirarse outra vez ás augas, decidiu chamar ao compañeiro co que estaba a mariscar, ocupando en manter unha pequena embarcación de madeira a flote, para recuperar o cargamento.

Subiron un total de catro homes á barca e chegaron, con dificultade, a onde a maioría dos maletíns flotaban. Foron recuperando un a un os rectángulos de madeira e non foi ata que un dos últimos caeu no chan da barquiña e cedeu o seu contido ó mundo que ambos cormeláns souberon o que estaban recollendo. Os ollos ilumináronse de cobiza ao ver pedriñas de wolfra-

mio, gris verdoso, espaxarse polo chan. Un dos tripulantes da embarcación estranxeira púxose a recollelos alarmado, e foi pola súa voz que os mariscadores o diferenciaron como alemán. O luscofusco chegou e, cando o faro iluminou a noite, catro pequenos maletíns volveron caer sobre algunhas táboas galegas e dispuxéronse a escapar cara illas anglófonas.

Un golpe cortou o aire, e o final desenvolveuse en dous tempos. No primeiro, unha bala atravesou o areal. No segundo, o frío metal perdeuse entre capas de músculos, e a embarcación quedou sen capitán.

O Roncudo púxose de loito, e observou como na outra punta o Faro de Laxe perdía tamén a súa forza. Dende as Sisargas ata a fin da terra, toda a Costa da Morte padeceu a dor das noivas guerras. Os cantos das pedras acompañaron o foco, e non quixeron ver máis.



**H**

**Sasha Rocha**

Manuela Rial Mouzo (Cee)

o tempo estaba moi mal. Esforzabámonos por chegar a terra sen ningún desperfecto, coa idea de chegar a casa coas nosas familias.

Cando xa parecía que podíamos chegar ben, un refacho de vento, acompañando dunha onda xigantesca, desviou o noso rumbo. Agora dirixímonos en lugar de cara a o porto, cara ás praias de Reira, onde os baixos eran moi perigosos. Loitabamos por evitalos todos, pero iso era un imposible. A cada momento que pasaba, achegámonos máis á costa e os baixos eran máis abundantes. Andrés, o patrón, decidiu poñer rumbo cara Camelle, onde había un pequeno porto onde poder amarrar, pero nesa dirección o vento encabara de través e botábanos mar a fóra. Esa idea fracasou, rematamos mar a fóra e tivemos que volver comezar o proceso.

As ondas levábanos cara o Inferniño e o patrón tomou a iniciativa de seguir para adiante e virar nun intre determinado para que o vento e o mar nos levasen cara Trece, unha praia grande onde poder varar e desembarcar sans e salvos, ata que amainase o tempo.

Non foi tan sinxelo como se propuxo. A marea baixaba e era máis complicado avanzar. De súpeto, bate-mos contra algo grande que lle fixo un boquete ao casco e comezou a entrar auga. Chocamos contra a Punta do Boi, unha gran pedra descoñecida para moitos.

Nese momento de pánico, moitos mariñeiros saltaron ao mar nos botes salvavidas. Dos poucos que quedamos no barco, só había un que non lle tiña medo á morte. Todos lle chamabamos Lucio o Bravú. Esa noite deu a súa vida por nós. Aínda agora todos o lembramos como un heroe. O resto salvámonos levando o barco xa solto cara a praia, onde pudimos pisar terra firme.



ILUSTRACIÓN  
MON OUTEDA



**U**


**Noa Lago Ayala**

Manuela Rial Mouzo (Cee)

nha muller cun vestido branco e azul que o vento non é capaz de levantar, cun rexo carácter e un interior temeroso e fermoso á vez. Cando choraponse brava, pero cando no seu rostro se reflicte un gran sorriso,ponse calma e queda. Toda persoa intenta somerxerse no seu interior, pero ningunha coñece as súas entrañas, onde a escuridade é constante e abraiante. Dentro desa escuridade encóntranse as mil maravillas, con centos de segredos agochados, esperando ser descubertos. Mais tamén agocha catástrofes diarias.

Na verdade, non sabemos os misterios que no seu interior retén. As máis das veces disimula o seu estado de ánimo, non deixando ver na superficie o de que verdade sente. Ten máis vida propia que todos os seres humanos xuntos no planeta. Non é mala, pero de cando en vez fai que moitas

## A choiva [CUARTO PREMIO]



**S**

**Laura Fernández**

CPI Alcalde Xosé Pichel

Súa nai sempre lle dicía: «Nunca choveu que non escampara», mais para Aldara era imposible crelo. Nos seus dezaoito anos nunca houbo un día onde non chovese, e iso aborreceíaa e enfadábaa. Unhas semanas antes do seu décimo

noveno aniversario, diluviou sen parar. Iso non era o normal. Algo pasaba.

Chegou o seu aniversario e os raios de sol atravesaban as xanelas. Nin novos nin vellos viran tal cousa. Pensaban que logo ía pasar, que logo chegaría o frío. Mais nada máis lonxe da verdade. En poucos días o sol evaporou a auga dos ríos, das fontes e das pozas. Esa vila converteuse nun completo deserto no medio de Galicia en poucas semanas. Difícil de crelo, verdade?

As primeiras semanas todos gozaban do sol, sobre todo Aldara, mais foi a primeira en aborrecer ese clima. Iso non era o dela. Non paraba de repetirse na súa cabeza a frase tan coñecida da súa avoa: «Non sabes o que tes, ata que o perdes». Cando pasou a euforia dos primeiros días, decatáronse do importante que era a nevisca, o froallo, a auga en xeral, mais non sabían que facer para traela de volta. Esperaron varios días polo líquido, mais non aparecían rastros

## Ézaro [SEXTO PREMIO]



**D**

**Diego Soto**

Manuela Rial Mouzo (Cee)

ise que un lugar oculto entre as árbores, un lugar que está abrazando o mar, un lugar de fábula con ríos, cascadas, montes e pradeiras, praias e cantís... un lugar habitado por clans de pescadores e gandeiros tamén, oculta unha cara menos perfecta. O seu mar está cuberto de sangue, sangue de moitos navegantes que intentaron chegar a estas terras, mais que non foron quen de logralo. Os seus corpos foron arrastrados cara os cantís que protexen o lugar, para acabar afundíndose e afogando a maioría das persoas. E, pese a todo, os navegantes proseguiron co intento de ocupar estas terras paradisíacas.

Esta é a historia dos primeiros navegantes que acadaron tal fortuna. Durante a súa travesía en galeón, a expedición contaba co Faneco entre a súa tripulación. El, como capitán, foi quen mandou construír a nave e o que organizou a viaxe. Eramos un total de 150 tripulantes cando emprendemos a marcha para intentar realizar a maior proeza da historia da humanidade. Tardamos cinco días en divisar terra. Trazamos moitos días de travesía, estábamos diante do noso obxectivo. Era mediodía. Comezamos a ver o mar vermello. Estimabamos que chegaríamos ao anoitecer. O Faneco ía ao temón mentres eu e o meu irmán descansabamos placidamente.

Apenas un intre despois, un vaivén moi brusco obrigounos a saír a cuberta. Unha onda de máis de cinco metros golpeou o galeón e fíxoo achegando perigosamente a nave ás rochas. O ceo, ata ese momento despexado, comezou a escurecer de súpeto ao tempo que soaron os primeiros tronos. Entrementes, un lóstrego permitiunos ver que faltaba pouco para chegar a terra, pero tamén nos revelou que nos achegabamos con perigo ás rochas. Un segundo lóstrego impactou sobre o mástil principal e fíxoo arder, xunto coa vela. Isto imposibilitounos cambiar de rumbo e tan só uns segundos despois estábamos meu irmán e mais eu caendo pola borda xunto co resto da tripulación, con ou sen vida. De escoitar os gritos de dor dos nosos camaradas pasei ao silencio. Despois souben que golpeara a cabeza contra unha rocha e quedara inconsciente. Disque a corrente nos arrastrou ata un lugar, que non era o que tiñamos planificado como destino.

Cheo de árbores ata onde alcanzaba a ver, nada fermoso era en comparanza coa cascada que abastecía de auga ao mar. Despois de recuperarme, ao que axudou a fascinación polo lugar onde recobrei o sentido, souben que Xoán Xosé O Faneco Ézaro López morrera xunto con boa parte da expedición. Os que alí quedamos, entre os que figura tamén meu irmán, decidimos chamar ao lugar polo primeiro apelido do noso capitán.

E esta é a historia de como nos adentramos nas augas vermellas da Costa da Morte e de como chegamos ao Ézaro. O que aconteceu a partir de entón é digno de ser contado noutra historia.

## O alemán da Costa da Morte [OITAVO PREMIO]



**A**

**Fiz Vicente**

EFA Fonteboa (Coristanco)

non apareceu. Cando llo contou aos veciños, dixeron: «Homiño, claro, se vas cando aínda é día non vai aparecer! Só sae na escuridade.

Armin seguiu pescudando sobre outro lugar misterioso, a Pedra da Serpe. Ao parecer alí había unha pedra cunha cruz e dentro atopábase unha serpe sote-

## No pór do sol [SÉTIMO PREMIO]



**H**


**Victoria Romar**

Manuela Rial Mouzo (Cee)

oxe, neste día gris do mes de abril, lembro cando era unha meniña. Agolpásemme no meu pensamento miles de recordos. Dende a xanela deste xeriátrico podo imaxinar o son das ondas do mar, o mar embravecido que batía con forza na porta da nosa humilde casa de Muxía. Corría o ano 1939. Eu era a máis pequena de seis irmáns. Meu irmán Manolo, o máis vello, fora á guerra e nunca máis soubemos del. A miña nai cambiou moito dende entón, pois Manolo era o seu neno. A tristura foi facendo que o seu corazón se carcomesse pouco a pouco. Meu pai pasaba moitas horas no mar coa súa gamela de cor branca, á que chamaba *A Paloma*. Saía faenar sobre as seis da mañá. Lembro que miña nai cosía a miúdo aquelas vellas redes; nelas houbo xurelos, robalos e tamén polbo, ourizos e mesmo mexillóns que collián nas pedras. Miña irmá Maruja era alta e delgada, ben feita. Levábame cinco anos e as dúas camiñabamos coas caixas de madeira na cabeza dez quilómetros todos os días, repartindo o peixe polas aldeas veciñas. Poucas veces traíamos diñeiro, case sempre facíamos o troco. A xente da aldea cambiábanos o peixe por ovos, patacas, verzas, faríña e, algunha vez, ata touciño e leite. Nós volvíamos a Muxía coas caixas cheas para poder sobrevivir a tanta fame. Miña nai, que era unha muller moi bondadosa, sempre repartía a comida cos veciños máis necesitados, que naqueles tempos eran moitos.

«Deus llo pague, señora Dorinda, dicíanlle. E ela sempre respondía:

«Mans que non dades, que esperades. Tempos moi duros aqueles. Pero quizais foron os mellores da miña vida. Por aquel entón, eu contaba con quince anos. Cando se poñía o sol, sentámonos nas pedras a mirar como desaparecía por Touriñán. Foi unha desas tardes cando Pedro do Lapote me dixu que estaba namorado de min. E así varias tardes ollamos a posta de sol, xuntos, collidos da man, sabendo que só a morte podería separarnos algún día.



**E**

**Nuria Antelo**


CPI Alcalde Xosé Pichel

vivo. Recordo que estábamos os dous sentados na lareira, ao quentiño, e el mirou para min e dixu: «Miña neniña, conteiche algunha vez como se repartiu a nosa parroquia?». Eu, sabendo que era hora de aprender unha nova lenda, púxenme cómoda e contestei: «Non, avó, pero cóntame a lenda, por favor!». E comezou a relatarme a historia.

«Como xa sabes, Lume de Suso é un lugar dividido entre as parroquias de Castro e San Xusto, do Concello de Coristanco. A orixe do seu reparto comeza cunha discusión entre os santos San Xulián de San Xusto e Santa Baia de Castro, que despois de rifar un bo anaco, decidiron ir á pillota a ver quen dos dous conseguía máis casas para si mesmo. Mentres que San Xulián se preparou para unha longa camiñata, Santa Baia foi descalza, mais aínda así, a maioría das casas foron para ela, e San Xulián quedou só con dúas. Como pasou isto?, estarás pensando. Pois ben, para poder conseguir a maioría das casas, había que cruzar un lameiro e San Xulián quedou espantado porque levaba unhas botas moi pesadas e foille imposible poder seguir. E por iso só dúas casas de Lume de Suso pertencen á nosa parroquia. San Xusto, e o resto pertencen á de Castro.»

Aínda recordo a miña cara de sorpresa ao escoitar aquilo e o seu sorriso, un que quedaría na miña memoria para sempre. Agora mesmo, sigo recordando aqueles momentos tan bonitos co meu avó. Isto non é só un recordo e unha lenda, é tamén unha mensaxe para aquelas persoas que perderon a algún especial para elas. Seguíde adiante, porque aínda que esa persoa non estea con vós, si o están os recordos e os momentos que vivistes xunto a ela, e cando pase o tempo, darédevos conta de que o conseguiches.

## A cova de Severo [NOVENO]



**E**

**Iván Lago**

Manuela Rial Mouzo (Cee)

stou sentado no soportal da miña casa, vendo como corre a auga polos cristais do gran ventanal que me permite observar as árbores froiteiras que empezan a florecer nesta típica primavera nun recuncho da Costa da Morte.

Veñen aos meus recordos as historias que me contaba o meu avó sobre os tempos da Guerra Civil española, cando o meu bisavó Severo, ao que eu xa non coñecía, se tivo que agochar nunha cova no monte da Peneda, en Ameixenda, unha aldea do concello de Cee, na Costa da Morte. Corría o ano 1936, co golpe de estado militar contra o Goberno da República. A Garda Civil e a Falanxe, na súa ocupación dos concellos da Galicia rural, chegan ao de Cee. Os montes da comarca serven de refuxio durante a guerra civil española e a posguerra aos fuxitivos republicanos ou a aqueles que non querían participar na contenda, como o meu bisavó.

Que tempos aqueles! Intentando fuxir da crúa realidade da guerra, o meu bisavó foise agochar no medio do monte, atopando dúas rochas colocadas de tal xeito que permitían adentrarse baixo elas coma se dunha cova se tratase. A miña bisavoa leváballe, de cando en vez, tamén agochada, para que a Garda Civil non atopase ao meu bisavó, algo para que comese e tamén roupa de abrigo para afrontar as duras e longas noites que lle agardaban.

Imaxino os medos e a situación tan tremenda que tiveron que sufrir os meus bisavós e os dos outros rapaces e rapazas naquela época.

Os meus bisavós superaron aquelas dificultades e moitas outras, aínda que hoxe xa non están aquí, pero esa cova aínda segue aí como unha pegada e unha lembranza do que algún día pasou. Todos na miña aldea saben onde está a «cova de Severo».

## Existen eses días... [DÉCIMO PREMIO]

xisten eses días nos que pensas que non podes máis, que todo acabou para ti, que despois diso non vas poder seguir adiante, pero sabes que tes que facelo, porque aínda que esa persoa xa non estea, a túa familia si e ti tamén. Así me sentía eu nese momento, no enterro do meu avó, aquela persoa tan importante para min, a que me entendía e coa que me encantaba falar.

A nosa relación era algo extraña, andabamos sempre berrando un co outro, discutindo polas cousas máis simples, pero á hora da verdade era el o que sempre me apoiaba, o que estaba ao meu lado e me defendía. Teño moi bos recordos, e o que máis me gustaba era sentarme con el a carón do lume, mentres me contaba algunha historia de cando el era pequeno. Unha delas foi a lenda de como se repartiu Lume de Suso, preto de onde eu vivo. Recordo que estábamos os dous sentados na lareira, ao quentiño, e el mirou para min e dixu: «Miña neniña, conteiche algunha vez como se repartiu a nosa parroquia?». Eu, sabendo que era hora de aprender unha nova lenda, púxenme cómoda e contestei: «Non, avó, pero cóntame a lenda, por favor!». E comezou a relatarme a historia.

«Como xa sabes, Lume de Suso é un lugar dividido entre as parroquias de Castro e San Xusto, do Concello de Coristanco. A orixe do seu reparto comeza cunha discusión entre os santos San Xulián de San Xusto e Santa Baia de Castro, que despois de rifar un bo anaco, decidiron ir á pillota a ver quen dos dous conseguía máis casas para si mesmo. Mentres que San Xulián se preparou para unha longa camiñata, Santa Baia foi descalza, mais aínda así, a maioría das casas foron para ela, e San Xulián quedou só con dúas. Como pasou isto?, estarás pensando. Pois ben, para poder conseguir a maioría das casas, había que cruzar un lameiro e San Xulián quedou espantado porque levaba unhas botas moi pesadas e foille imposible poder seguir. E por iso só dúas casas de Lume de Suso pertencen á nosa parroquia. San Xusto, e o resto pertencen á de Castro.»

Aínda recordo a miña cara de sorpresa ao escoitar aquilo e o seu sorriso, un que quedaría na miña memoria para sempre. Agora mesmo, sigo recordando aqueles momentos tan bonitos co meu avó. Isto non é só un recordo e unha lenda, é tamén unha mensaxe para aquelas persoas que perderon a algún especial para elas. Seguíde adiante, porque aínda que esa persoa non estea con vós, si o están os recordos e os momentos que vivistes xunto a ela, e cando pase o tempo, darédevos conta de que o conseguiches.